



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Política Económica Rexional	Código	611532013	
Titulación	Máster Universitario en Economía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Martín Legendre, Juan Ignacio	Correo electrónico	juan.ignacio.martin.legendre@udc.es	
Profesorado	Martín Legendre, Juan Ignacio	Correo electrónico	juan.ignacio.martin.legendre@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>O obxectivo desta materia é introducir ao estudante no estudo e aplicación das ferramentas de Análise Económica para o funcionamento das economías rexionais e urbanas con especial atención aos problemas de desenvolvemento.</p> <p>A estruturación da docencia preséntase en dous bloques. O primeiro introduce as teorías elementais sobre desenvolvemento rexional, así como as políticas aplicables para promocionala. Ademais, dada a relevancia e especificidade da materia, realízase unha incursión no estudo das economías urbanas. Simultaneamente, abordaranse e se poñerán en práctica as técnicas básicas de análise e diagnóstico territorial para o estudo de casos específicos. Neste sentido, o obxectivo é introducir ao alumno na elaboración de plans de desenvolvemento territorial a partir dunha análise exhaustiva da realidade socioeconómica e a aplicación das teorías sobre o desenvolvemento.</p>			
Plan de continxencia	<p>1. Cambios de contido: Non hai modificacións. 2. Metodoloxías * Metodoloxías de ensino que se manteñen: Durante o período de semi-presencialidade (ou non-presencialidade), parte (ou todas) as metodoloxías realízanse mediante ferramentas telemáticas. * Metodoloxías de ensino que se modifican: Durante o período semi-presencial (ou non-presencial), parte (ou todas) as metodoloxías realízanse mediante ferramentas telemáticas. 3. Mecanismos de atención personalizada aos estudantes: Ferramentas telemáticas. Sempre que o alumno o precise. 4. Modificacións na avaliación: En períodos de semi-presencialidade (ou non-presencialidade), a avaliación realízase toda mediante ferramentas telemáticas. * Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Non hai modificacións. Os alumnos dispoñen do material en Moodle y Faitic.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A4	CE4 - Capacidad para modelar situacións económicas concretas e obter resultados con datos numéricos aplicando as técnicas econométricas pertinentes.
A5	CE5 - Capacidad para defender argumentos económicos con claridade e precisión tanto en el entorno habitual de traballo, como en reunións científicas nacionais e internacionais.
A7	CE7 - Identificar los elementos que introducen ineficiencias en la asignación de recursos por parte de agentes, instituciones y sistemas económicos.
A8	CE8 - Analizar y proponer cambios en el diseño de las organizaciones y de los sistemas de incentivos que mejoren el funcionamiento de los mismos en tener de su eficiencia.
A10	CE10 - Participar en grupos de trabajo interdisciplinarios ligados al estudio de las tendencias socio- económicas de largo plazo.
A11	CE11 - Analizar el papel de las instituciones públicas en la economía a través de la regulación de mercados y de la implementación de políticas que inciden sobre la actividad empresarial.
A12	CE12 - Analizar las ventajas y los inconvenientes de la regulación y de las políticas económicas y proponer alternativas.
A13	CE13 - Discernir el alcance y las limitaciones de las conclusiones y juicios que se derivan del empleo de teorías y modelos económicos.
B6	CG1 - Aplicar los conocimientos de economía a la identificación, previsión y solución de los problemas económicos en general, y en particular los relativos al nivel de especialización, en entornos nuevos o poco conocidos.
B8	CG3 - Capacidad para realizar un análisis crítico, evaluación y síntesis de ideas nuevas y complejas.



C3	CT3 - Sostenibilidade y compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable y eficiente de los recursos.
C4	CT4 - Capacidad para interaccionar y defender con rigor, claridad y precisión ante otros especialistas trabajos, propuestas, nuevas ideas etc.
C6	CT6 - Capacidad de gestión de la información.
C8	CT8 - Capacidad para trabajar en un contexto internacional.
C10	CT10 - Capacidad de análisis y síntesis.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer: Identificar as relacións entre as distintas teorías do crecemento rexional e as políticas rexionais, coñecer os obxectivos e os instrumentos das distintas políticas rexionais.	AM4 AM5 AM7 AM8 AM11 AM12 AM13	BM8	CM10
Saber facer: analizar as distintas enfoques de política territorial segundo os obxectivos perseguidos, argumentar sobre a relevancia das políticas con contido espacial e elaborar propostas de políticas rexionais para casos específicos de estudo.	AM5 AM7 AM8 AM10 AM12	BM8	CM3 CM4
Coñecer como ser e saber ser: Contribuír ao recoñecemento da importancia das variables rexionais para un desenvolvemento económico equilibrado e sostible, valorando a relevancia das políticas rexionais nos procesos de integración económica, apreciando a política rexional europea como elemento de cohesión social e política	AM5 AM7 AM8 AM10 AM11 AM12 AM13	BM6 BM8	CM3 CM4 CM6 CM8 CM10

Contidos	
Temas	Subtemas
1.-Economía e territorio.	1.1 O espazo na Economía. 1.2 ¿Qué é unha rexión? 1.3 Tendencias actuais no desenvolvemento rexional e urbán.
2.- Teorías sobre o desenvolvemento rexional.	2.1 Teorías ortodoxas (clásicas, crecemento por etapas, converxencia-diverxencia) 2.2 Teorías heterodoxas (polos, causación circular, centro-periferia...) 2.3 Teorías de demanda (base exportadora) 2.4. Implicacións para a Política Económica
3.- A Economía Urbana.	3.1.- Introducción: o medio urbano 3.2.- A localización urbana 3.3.- Os sistemas urbanos. 3.4.- Os problemas das cidades.
4.- Obxectivos e instrumentos na Política Rexional	4.1.- O modelo fins-medios aplicado á política regional 4.2.- Modelos de crecemento rexional e evidencia empírica. 4.3.- Evolución da Política Rexional 4.4.- A Política Rexional na Unión Europea 4.5.- a Política Rexional Española.



5.- As transformacións dunha economía rexional (estudo de casos)	5.1 Elaboración dun diagnóstico territorial 5.2 Técnicas de análise rexional (cuantitativas e cualitativas). 5.3 Análise estratéxico aplicado ao territorio. 5.4 Planificación estratéxica territorial.
--	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A7 A11 A12 B8 C10	1	1	2
Sesión maxistral	A4 A5 A7 A8 A10 A11 A13 C4 C10	9	18	27
Prácticas a través de TIC	A4 A5 A7 A8 A10 A11 A12 A13 B6 B8 C3 C4 C6 C8 C10	0	12	12
Estudo de casos	A4 A5 A7 A8 A10 A11 A12 A13 B8 C3 C6 C10	3	6	9
Traballos tutelados	A4 A5 A7 A8 A10 A11 A12 A13 B6 B8 C3 C4 C6 C8 C10	2	22	24
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades iniciais orientadas situar ao alumno non inicialmente especializado na materia e a estruturar o traballo e metodoloxía que imos empregar.
Sesión maxistral	Presentación oral esencialmente interactiva, apoiada por medios audiovisuais, que inclúe conceptos teóricos e exemplos prácticos. Nesta metodoloxía buscarase introducir ao alumno nos diversos enfoques da análise rexional así como nas propostas políticas de actuación. O carácter interactivo é absolutamente preciso dada a necesidade dun enfoque crítico fronte a todas as propostas.
Prácticas a través de TIC	A partir das teorías, metodoloxías e casos analizados na clase, resolución de problemas planteaxados sobre datos reais; análise de textos, comentario sobre enfoques teóricos... Neste senso pode tratarse tanto de pequenos traballos de comentario como probas obxetivas.
Estudo de casos	Análise de modelos de crecemento rexional. Estudo de casos concretos baseados en datos reais tanto internacionais como nacionais.
Traballos tutelados	Cada alumno debe realizar, baixo tutela, un traballo sobre o desenvolvemento dun contorno territorial específico (preferentemente unha comarca galega) con datos reais aplicando as técnicas impartidas no curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais Sesión maxistral Prácticas a través de TIC Estudo de casos Traballos tutelados	Este curso está plantexado para introducir ao alumno tanto no estudo rexional como na análise de casos concretos con propostas prácticas. Neste senso, a participación nas clases en nas tutorías e o seguemento personalizado é moi importante.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC	A4 A5 A7 A8 A10 A11 A12 A13 B6 B8 C3 C4 C6 C8 C10	Realización de tarefas relacionadas co plantexado nas sesións: Resolución de exercicios, análise estratéxico, revisión bibliográfica... O seu plantexamento pode ser tanto presencial coma telemático e terán a forma dunha proba escrita.	30
Estudo de casos	A4 A5 A7 A8 A10 A11 A12 A13 B8 C3 C6 C10	Análise de casos de desenvolvemento rexional plantexados na clase	20
Traballos tutelados	A4 A5 A7 A8 A10 A11 A12 A13 B6 B8 C3 C4 C6 C8 C10	Elaboración individual dunha análise e as bases da planificación estratéxica dun entorno xeográfico concreto (á elección do alumno), preferentemente unha comarca, baixo a dirección do profesor.	50

Observacións avaliación

A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN:

1. Condicións de avaliación: Está prohibido acceder á aula do exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información.
2. Identificación do estudante: O estudante ha de acreditar a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.

B) TIPOS DE CUALIFICACIÓN:

1. Cualificación de non presentado: Corresponde ao alumno, cando só participe en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación alcanzada.
2. Estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Excepto para as datas aprobadas na Xunta de Facultade para a proba obxectiva final, para as restantes probas acordárase ao comezo do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación.

C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN:

1. Primeira oportunidade: aplicaranse os criterios de avaliación anteriormente indicados nesta sección.
2. Segunda oportunidade: Os criterios de avaliación son os mesmos para todas as oportunidades de avaliación.
3. Convocatoria adiantada: na convocatoria adiantada é posible recuperar os puntos da avaliación continua (solución de problemas, probas de resposta breve, intervencións durante as sesións maxistras) mediante preguntas adicionais á proba obxectiva final.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - ARGUELLES VÉLEZ, M. y BENAVIDES GONZÁLEZ, C. (2009). Economía y política regional. Madrid: Delta - ARMSTRONG, H. y TAYLOR, J. (2000). Regional Economics and Policy. Blackwell Publishers, Oxfor - BLAIR, J. P., (1999). Local economic development, analysis and practice. London: Sage - CAMAGNI, R. (2005). Economía Urbana. . Barcelona. Antoni Bosch - CAPELLO, R. (2015). Regional Economics. New York: London - MANCHA NAVARRA, T. (2017). Política económica, economía regional y servicios. Cizur: Thomsom Reuters - MCCANN, P. (2001). Urban and Regional Economics. Oxford University Press, Oxford - PIKE, A.; RODRÍGUEZ-POSE, A. y TOMANEY, J. (2006). Local and regional development. London: Routledge

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Análise Económica Rexional/611532012

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático b. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade e nos comportamentos persoais e profesionais.3. Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.4. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías